# 44 RALLYE OPTI PRO SAN FROILAN

**14 - 15 - 16 OUTUBRO 2022**

## Segue o RALLYE EN DIRECTO!

VENRES 14 · 19:30 h
Cerimonia de Saída

SABADO 15 08:45 h
Tramos en Directo
Entrevistas

RALLYE STREAMING

TEMPOS EN DIRECTO

+info
www.temposfga.es
www.rallyesanfroilan.org

# Acceso Tramos

Concello de Outeiro de Rei
Concello de Pol
Concello de O Corgo
Concello de Guntín
Concello do Páramo
Concello de Sarria

Lugo Motor

CAMPIONATO XUNTA DE GALICIA DE RALLYES

Xacobeo 21·22
XUNTA DE GALICIA
DEPORTE GALEGO

Concello de Lugo
Concellería de Deportes

DEPUTACIÓN DE LUGO Deportes
VICEPRESIDENCIA

Río DE GALICIA
ESTURION
GADIS
Sidegal DESGUACES
Tu desguace online sidegal.es

ORGANIZA: ESCUDERÍA MIÑO LUCENSE | T 663 127 161 | ralisanfroilan@gmail.com | www.rallyesanfroilan.wordpress.com

# Itinerario Horario

## VENRES ITINERARIO HORARIO — 44 RALLYE SAN FROILAN

| Sección | Sector | C.H. | Localización | Km. Treito | Km. Enlace | Km. Total | Tempo | Vel Media | Hora 1º |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 01ª Sección | 01 | 01 | Saida Parque Custodia "Gustavo Freire" | | | | | | 19:15 |
| | | 02 | Enlace a Cerimonia de Saída "Praza Maior" | | 2,61 | 2,61 | 0:15 | 10,44 | 19:30 |
| | 02 | 03 | **CERIMONIA DE SAIDA** | | | | **0:05** | | **19:35** |
| | | 04 | Enlace a Parque de Traballo Outeiro de Rei | | 28,50 | 28,50 | 0:35 | 48,86 | 20:10 |
| | | | | | **31,11** | **31,11** | **0:55** | | |

AUTORIZASE A ENTRADA POR ADIANTO NO PARQUE DE TRABALLO

## SABADO ITINERARIO HORARIO — 44 RALLYE SAN FROILAN

| Sección | Sector | C.H. | Localización | Km. Treito | Km. Enlace | Km. Total | Tempo | Vel Media | Hora 1º |
|---|---|---|---|---|---|---|---|---|---|
| 1ª Sección | 1 | 1 | Saida Parque Traballo Outeiro Rei | | | | | | 8:00 |
| | | 2 | Parque Traballo "A" Outeiro de Rei a Treito A-1 | | 3,72 | 3,72 | 0:10 | 22,32 | 8:10 |
| | 2 | 3 | **Treito A-1 BONXE (OUTEIRO DE REI)** | **11,40** | | | **0:03** | | **8:13** |
| | | 4 | Treito A1 a Treito B-1 | | 17,95 | 29,35 | 0:40 | 44,03 | 8:53 |
| | 3 | 5 | **Treito B-1 MOSTEIRO POL** | **11,90** | | | **0:03** | | **8:56** |
| | | 6 | Treito B-1 a Reagrup. Gustavo Freire | | 25,74 | 37,64 | 0:55 | 41,06 | 9:51 |
| 2ª Sección | 4 | 7 | Saida Parque Reagrup. Gustavo Freire | | | | 0:30 | | 10:21 |
| | | 8 | Reagrup a Parque Traballo "A" Outeiro de Rei | | 12,76 | 12,76 | 0:20 | 38,28 | 10:41 |
| | 5 | | **Parque Traballo "A" Outeiro de Rei** | **23,30** | **60,17** | **83,47** | **1:10** | | |
| | 6 | 9 | Saida Parque Traballo "A" Outeiro de Rei | | | | | | 11:51 |
| | | 10 | Parque Traballo "A" a Treito A-2 | | 3,72 | 3,72 | 0:10 | 22,32 | 12:01 |
| | 7 | 11 | **Treito A-2 BONXE (OUTEIRO DE REI)** | **11,40** | | | **0:03** | | **12:04** |
| | | 12 | Treito A2 a Treito B-2 | | 17,95 | 29,35 | 0:40 | 44,03 | 12:44 |
| | 8 | 13 | **Treito B-2 MOSTEIRO POL** | **11,90** | | | **0:03** | | **12:47** |
| | | 14 | Treito B-2 a Treito C-1 | | 22,70 | 34,60 | 0:45 | 46,13 | 13:32 |
| | 9 | 15 | **Treito C-1 CORGO** | **12,30** | | | **0:03** | | **13:35** |
| | | 16 | Treito C-1 a Reagrup. Gustavo Freire | | 19,09 | 31,39 | 0:40 | 47,09 | 14:15 |
| 3ª Sección | 10 | 17 | Saida Parque Reagrup. Gustavo Freire | | | | 0:30 | | 14:45 |
| | | 18 | Reagrup a Parque Traballo "B" Outeiro de Rei | | 12,76 | 12,76 | 0:20 | 38,28 | 15:05 |
| | 11 | | **Parque Traballo "B" Outeiro de Rei** | **35,60** | **76,22** | **111,82** | **1:00** | | |
| | 12 | 19 | Saida Parque Traballo "B" Outeiro de Rei | | | | | | 16:05 |
| | | 20 | Parque Traballo "B" a Treito C-2 | | 36,05 | 36,05 | 0:50 | 43,26 | 16:55 |
| | 13 | 21 | **Treito C-2 CORGO** | **12,30** | | | **0:03** | | **16:58** |
| | | 22 | Treito C-2 a Treito D-1 | | 17,59 | 29,89 | 0:40 | 44,84 | 17:38 |
| | 14 | 23 | **Treito D-1 LUGO- GUNTIN** | **12,20** | | | **0:03** | | **17:41** |
| | | 24 | Treito D-1 a Treito E-1 | | 9,75 | 21,95 | 0:35 | 37,63 | 18:16 |
| | 15 | 25 | **Treito E-1 O PARAMO - GOIAN (Sarria)** | **11,22** | | | **0:03** | | **18:19** |
| | | 26 | Treito E-1 a Regarup Boulevar Sarria (Avd Calvo sotelo) | | 2,50 | 13,72 | 0:20 | 41,16 | 18:39 |
| 4ª Sección | 16 | 27 | Saida Parque Reagrup.Boulevar Sarria (Avd Calvo sotelo) | | | | 0:20 | | 18:59 |
| | | 28 | Reagrup a Parque Traballo "c" Outeiro de Rei | | 44,01 | 44,01 | 0:40 | 66,02 | 19:39 |
| | 17 | | **Parque Traballo "C" Outeiro de Rei** | **35,72** | **109,90** | **145,62** | **0:50** | | |
| | 18 | 29 | Saida Parque Traballo "C" Outeiro de Rei | | | | | | 20:29 |
| | | 30 | Parque Traballo "C"a Treito D-2 | | 30,55 | 30,55 | 0:30 | 61,10 | 20:59 |
| | 19 | 31 | **Treito D-2 LUGO-GUNTIN** | **12,20** | | | **0:03** | | **21:02** |
| | | 32 | Treito D-2 a Treito E-2 | | 9,75 | 21,95 | 0:40 | 32,93 | 21:42 |
| | 20 | 33 | **Treito E-2 O PARAMO - GOIAN (Sarria)** | **11,22** | | | **0:03** | | **21:45** |
| | | 34 | Treito E-2 a Parque Custodia Final Gustavo Freire | | 35,01 | 46,23 | 0:50 | 55,48 | 22:35 |
| | | | | **23,42** | **229,22** | **288,36** | | | |
| | | | **TOTAIS RALLYE** | **118,04** | **321,60** | **439,64** | **14:35** | | |

AUTORIZASE A ENTRADA POR ADIANTO NO PARQUE DE FIN DE RALLYE


ALQUILER DE FURGONETAS Y TURISMOS

PARTICULARES Y PROFESIONALES

Lugo Motor
Ctra. Coruña, 47 - Lugo

supervan®
alquiler flexible

supervan.es

# TC A | Bonxe · Outeiro de Rei

■ A maioría dos accesos a este treito parten dun mesmo punto. Utilizando a estrada que une Outeiro de Rei con Castro Riberas de Lea (**LU-115**).
No fito kilométrico **2,** atoparemos unha rotonda, alí colleremos as indicacións (**Bonxe, Mosteiro**), percorrendo ***3,5km.*** A continuación nos desviaremos a esquerda en indicacións (San Lorenzo, Karting ) percorrendo ***2,8km.*** alí colleremos á dereita indicacións (Parroquia de San Fiz de Paz) e, percorrendo de novo ***2,8km***, chegaremos a un pobo cunha sinal de STOP.

■ Alí dispoñemos de 5 opcións para chegar ao treito:

1. Collemos á dereita e sen desviarnos, ***1km*** máis adiante atoparemos o treito nun cruce espectacular.

2. Collemos á dereita e a continuación esquerda, tras percorrer ***1km*** atoparemos unha pista á esquerda, por ela, a escasos ***100m,*** daremos co treito.

3. Utilizando as indicacións do punto 2 e sen nos desviar á esquerda, ***600m*** máis adiante atoparemos o treito.

4. Seguimos á fronte, e percorrendo ***700m*** atoparemos co treito.

5. Collendo de fronte a uns escasos metros, continuamos pola esquerda indicacións (Parroquia de Arcos), ***1 km*** máis adiante atoparemos de novo co treito nunha bonita chicane natural.

| PECHE | 1º PASADA | APERTURA |
|---|---|---|
| 7:00 | 8:13 | NO |
| **PECHE** | **2º PASADA** | **APERTURA** |
| 7:00 | 12:04 | 15:00 |




■ Atoparemos outro acceso na estrada **LU-113** que une a N-640 co Castro Riberas de Lea. Despois de aprox. 1km dirección Castro, atoparemos unha estrada á esquerda (**LU-P-1109 km 0**), ***1,750km*** máis adiante e sen desviarnos atoparemos cun cruce de catro camiños (cartel concello de Outeiro de rei), seguindo de fronte, ***1,800km*** máis adiante, colleremos á esquerda indicacións (Penahedra, Vilar, Karting), e sen desviarnos chegaremos ao treito nun bonito cambio de estrada.

■ Dende o **polígono do Ceao** en Lugo dispoñemos de outros accesos. Concretamente tomando a ultima rotonda dirección **A-6**, a ***500m*** tras pasar a estación de servizo Ceao, colleremos dirección (Pias), pasaremos a ponte dirección (Seivane) e ***200m*** máis adiante no STOP colleremos á dereita indicacións (Seivane, Pias). ***600m*** máis adiante colleremos un cruce á dereita indicacións (Pias, Granja Cortina) e dende este punto dispoñemos de dúas opcións:

1. Percorrendo un ***1km*** sen desviarnos daremos co treito.

2. Se uns metros máis adiante collemos á dereita con indicacións (Santa Eulalia de Mazoi) e percorremos **2,4km** sen desviarnos da estrada principal, toparemos cun cruce no cal, collendo á esquerda, ***800m*** máis adiante teremos a especial.

■ Un último acceso; partindo da **N-640** que une Lugo con Meira e unha vez pasado o fito km. 82 atoparemos unha pista á esquerda con indicacións (Silgueiros de arriba). Collendo esa pista e sen desviarse, ***4,6km*** máis adiante, toparemos a especial.





supervan®
alquiler flexible



# TC B | Mosteiro · Pol




| PECHE | 1º PASADA | APERTURA |
|---|---|---|
| 7:45 | 8:56 | NO |
| PECHE | 2º PASADA | APERTURA |
| 7:45 | 12:47 | 15:45 |

■ Dende Lugo Colleremos a N-640 Direccion Meira - Ribadeo, a 10,8 km tomaremos a dereita LU-760 desvío Mosteiro, Rioxoan, despois a 9 km chegaremos ao pobo de Mosteiro, o mellor é aparcar o coche porque camiñando 300/400 metros accedemos a distintas zonas.
collemos cara a esquerda por Mosteiro centro urbán a 300 metros chegamos á saída do tramo, onde nun radio dun 1km temos 5 cruces diferentes e con moito espazo para o público.
Se seguimos de frente en rotonda cara a Rioxoan a 300 metros estaremos no tramo.
■ Outra maneira de chegar ao tramo é non desviarnos por Rioxoan Mosteiro, seguimos de frente dirección Meira no km 68 colleremos á dereita dirección Pol 5, Rioxoan 7, seguindo pola carretera CP-16-11 4,5 km. chegamos o tramo.
Se seguimos de frente a 500 metros atopamos a meta (non se poderá acceder a ela andando unha vez comence a proba).
■ Outra maneira de acceder ao tramo é pola carretera da Fonsagrada á chegar ao pobo de Castroverde colleremos a carretera CP-16-11 a 10 km chegamos ao tramo a rotonda que fan a man dereita.



# TC C | O Corgo




| PECHE | 1º PASADA | APERTURA |
|---|---|---|
| 12:30 | 13:35 | NO |
| PECHE | 2º PASADA | APERTURA |
| 12:30 | 16:58 | 20:00 |

■ Na N-VI teremos un primeiro acceso se nos desviamos na saída a Nadela á dereita, pasamos Leite Puleva e a 200 metros xiraremos á esquerda entre casas a 200 m. Esquerda por riba da autovía, á saída da ponte sempre de fronte, a 1,2 Km colleremos á esquerda dirección "O Castro", "Carballido", seguiremos de fronte a 3 km pasaremos Castro e no Stop colleremos á dereita dirección "Aday", seguiremos de fronte a 800 m deixando Carballido, a 1,5 Km seguiremos de fronte deixando Marce, a 800 m. Deixaremos Segovia e a 900 metros teremos o tramo.

■ Na N-VI teremos un segundo e tomaremos na glorieta dirección Corgo, no Km 489, xusto ao pasar a sinalización, colleremos á esquerda, Pedradita, Aday, Romean, se seguimos por esta estrada a 4.5 km chegaremos a aldea de Aday,onde atopamos o tramo, puidendo ver varios cruces na Feira de Adai

■ Na N-VI, teremos un segundo e tomaremos na glorieta dirección Corgo, no Km 489, atoparémonos en Cabreiros, xiraremos á esquerda dirección Arxemil, Ponte de Galiñeiros. Seguiremos 3,2 km den desviarnos, onde teremos duas opción:

1. Coller á dereita nun cruce sen indicación, a 500m. estaremos no tramo, unha zona rápida e estreita.
2. Seguir de fronte durante 750m atopamos o tramo.

■ Outros accesos témolos pola estrada LU-530 que une Lugo e Fonsagrada, no km 9.4, collemos un cruce á dereita que indica Romean, Aday, a 2 Km xunto ao sinal km 2 collemos á dereita por Aday, Corgo a 1.1 km seguimos pola esquerda e a 1.4 km chegamos ao cruce to tramo.






# TC D | Lugo · Guntín

■ Para ir cara este tramo debemos coller a carreteira (LU-612). Para chegar a ela sairemos de Lugo dirección Portomarín Lugo pola ponte romana (antiga estrada de Santiago) e a 500 m coller á esquerda cara a Portomarín, no km. 12,6 ó final do pobo de Lousada, colleremos á esquerda (facendo unha rotonda pola dereita) sen indicación, entón circulamos pola DP-16.11 Lousada- Maceda. A 4 km nun cruce á esquerda que indica Ferroi atopamos a META a poucos metros.

■ Tamén temos outra opción nesta misma DP-1 6.11 se 1 km antes (no km 17,6) collemos á esquerda cara a Moreiras, a 500 m ó atopar unha casa grande blanca subimos cara a! esquerda temos tres opcions:

1º seguimos 1,5 km chegamos a un cruce con indicacion de Ferroi e collemos a man dereita sen desviarnos durante 1,2 km chegamos o tramo

2ª seguimos 1,9Km xunto unha casa de bloques de cemento, collemos cruce a man dereita sen desviarnos durante 1,4 km chegamos o tramo

3º seguimos 2.6 km sen desviarnos e chegamos a un cruce do tramo.

■ O último acceso dende a DP 16.11 queda no km 18,9 pon O Val, Illar, Tedin, a 25 collemos pola dereita cara a Tedin, a 100 m pola esquerda, a 150 m pola dereita cara a Tedin (sinal pouco visible) e durante 1,9 km pola mísma carreteira chegamos ao tramo nunha zona rápida da parte alta do tramo.

■ Os demáis accesos os temos dende a LU-612 anterior. O primeiro no km 8,8 nun cruce á esquerda que indica Abol, Lamaboa, Seoane. A 400 m de frente nas casas, a 300 m á dereita indica A Silva, Birbigueira, Piñeiro; e tras 1,9 km chegamos ao tramo no cruce.

■ Outro punto de accesos está no km 6,450 á esquerda un cruce que indica Santa Marta de Fixos, a 600 m de frente nas casas, a 400 m seguimos á dereita xunto aos conteñedores; saímos de frente das casas e a 50 m tamén de frente, a 1,1 km pola esquerda cara a Ribas de Miño, Vilachá, a 1,7 km pola dereita xunto á marquesina a e 300 m chegamos a un cruce con dúas opcións. Se vamos á dereita temos o cruce da foto 2 a 100 rn. Se vamos pola esquerda xunto aos conteñedores de recollida selectiva, a 50 m bordeamos a igrexa polo lado dereito e seguimos pola dereite, a 600 m de frente nas casas e xa estamos no tramo nunha zona rápida, cunha enlazada.

■ Os últimos accesos están no km 3,4 da LU-612, polas indicacións Campo de Golf. A 2,4 km pola mesma carreteira chegamos a Nova Frigsa, un cruce con dúas posibilidades, se vamos pola esquerda hacia Coeses, (camiñando) a 800 xunto á marquesina, atopamonos coa Saida. A outra posibilidade é ir cara a dereita polas indicacións Ribas de Miño, Terlama por onde a 1,8 Km atoparemos o tramo.

| PECHE | 1º PASADA | APERTURA |
|---|---|---|
| 16:30 | 17:41 | NO |
| PECHE | 2º PASADA | APERTURA |
| 16:30 | 21:02 | 0:15 |




EXTINTORES IGLESIAS
SERVICIO TÉCNICO DE MANTENIMIENTO Y RECARGAS
MATERIAL CONTRA INCENDIOS
Estrada Vella de Santiago, 143 - LUGO
Tel. 982 24 19 04
Fax 982 22 58 05

# TC E | O Páramo · Goián

| PECHE | 1º PASADA | APERTURA |
|---|---|---|
| 17:15 | 18:19 | NO |
| PECHE | 2º PASADA | APERTURA |
| 17:15 | 21:45 | 0:45 |




**1.** Para chegar a meta, temos que sair de Lugo dirección Madrid e logo en Nadela coller a LU-546 dirección Sarria, Monforte; no km 13,6, tras pasar xunto ao pobo de Pobra de San Xiao collemos un cruce a dereita que indica Páramo, Portomarin, a 5,2 km seguimos pola esquerda e a 400 m collemos un cruce a esquerda que indica Monte do Páramo e chegamos ao control stop.

**2.** Se pouco antes en esa mesma estrada indicacions Páramo, Portomarin, a 4,6 dende a LU-546, tras unha longa recta nos desviamos a esquerda dirección Saa, xusto antes de unha nave, a 500 m entre unhas casas seguimos pola esquerda, a 100 m collemos a esquerda, a 50 m de frente pola dereita, tras 400 m collemos a esquerda, a 50 pola dereita entre as casas e logo sempre de frente entre as casas chegas ao tramo. **(pouco sitio para aparcar).**

**3.** Outras opcions as temos seguindo pola LU-546 indicacions Sarria, no km 23,2 xusto ao pasar a ponte sobre o tren, nos desviamos a dereita indicacions Paradela, Portomarin, a 200 m no primer semáforo de frente e a 300 m no segundo a dereita.
Pola estrada LU-633 temos duas opcions:

- No km 51,8 en cruce a dereita que indica Tapisa, por donde tras 2,2 kms sen desviarnos chegamos a unha curva a esquerda con un muro de bloques de frente donde collemos a dereita, a 900 m de frente, a 700 m chegamos a un cruce donde pola dereita a pocos metros temos to treito a esquerda.
- A segunda opción esta no km 54,2 da LU-633 en un cruce que indica Ortoá, Goian; por donde tras percorrer 1,7 km chegamos a un cruce con unha señal de madeira de Rectoral de Goian donde podemos ir a dereita que percorrendo 1,9 km chegamos ao cruce do famoso tramo de Goian.

**4.**Tamén podemos ir a esquerda en este ultimo cruce, tras percorrer 2,6 km collemos a dereita pola señal Tecor societario Ribeira do Loio, a 800 m a dereita en un cruce sen indicacións, tras percorrer 700 m en outro cruce seguimos pola derecha e despois de 3,1 km chegamos ao treito .

**5.** Outro acceso que chega 50 m antes do cruce da ponte, o temos dende a LU-546 (Lugo a Sarria), no km 16,5 xusto antes de unha gasolinera Cepsa nos desviamos a dereita indicacions Villapedre, Goian, 300m despois de pasar por unhas casas seguimos pola esquerda xunto a un roble grande e a100 m pola esquerda, tras 1,5 km pola dereita, a 1,1 km outra vez pola dereita, 400 m dereita e a 700 m chegamos ao treito.

**6.** Para chegar a saida, no km 22,5 da LU-546 frente a Concesionario Opel en un cruce a dereita pola indicacións Goian, Santalla.(so se poderá acceder andando)



# Recomendacións ao Público

## No transcurso da competición:










### ¿QUÉ PODE PASAR?

Nas saídas de estrada non existe a traxectoria lóxica. Un vehículo de competición despraza unha masa a gran velocidade e por iso, en caso de accidente, é imposible adiviñar a traxectoria. Calquera rotura ou avaria mecánica pode provocar un accidente sen ningunha lóxica. Só nas zonas altas e nas zonas habilitadas polo Organizador teremos relativa seguridade. A mala actitude do público e/ou a súa incorrecta colocación nas zonas prohibidas ou perigosas poden ser motivo de anulación dunha proba. ¡¡¡NON O PERMITÁDES!!!

### SI PODEMOS FACER

- A estrada péchase ao público 1h antes da saída do primeiro vehículo: Intentar chegar ao treito coa suficiente antelación para aparcar correctamente. Aparcar o vehículo sempre fora do percorrido.
- Manter en todo momento aos nenos baixo a supervisión dos adultos.
- Seguir sempre as indicacións de comisarios e/ou forzas de orde público e tratalos con respeto e educación, sen eles non sería posible este deporte.
- Debemos ter moi claro que treitos imos a presenciar e onde facelo xa que por motivos de seguridade pode ocorrer que non nos deixen mover o noso vehículo ata que remate a carreira. Non desesperar si se produce algún retraso en caso de accidente.
- Situarnos SEMPRE en lugares elevados e/ou nas zonas habilitadas para o público pola Organización, tendo en conta que: As zonas PROHIBIDAS para o público estarán marcadas con CINTA VERMELLA e/ou CARTEIS DE PROHIBICIÓN. Obviamente é imposible marcar todo o percorrido do rallye polo que, nas zonas non marcadas con ningún tipo de cinta ou carteis empregues o sentido común e fagas caso das indicacións dos membros da Caravana de Seguridade, TRABALLAN PARA a TÚA SEGURIDADE.




### NON PODEMOS FACER

- Situarse en lugares perigosos aínda que non exista ningunha sinalización. Situarse en lugares prohibidos marcados pola Organización con CINTA VERMELLA ou CARTEIS DE PROHIBICIÓN.
- Invadir o percorrido para ver mellor, xalear ou animar aos participantes. Lanzar obxectos ao percorrido.
- Circular polo percorrido de forma temeraria, antes oi despois da carreira. Facer caso omiso as indicacións do persoal da Organización. Prender lumes. Deixar lixos e desperdicios nas cunetas ou zonas de público.
- Pintar as estradas ou sinais de tráfico con mensaxes. Quitar as cintas ou sinalizacións de seguridade montadas polo Organizador. Consumir en exceso bebidas alcohólicas, volveranos irritables, inconscientes e incívicos.
- Convén lembrar que os controis de alcoholemia e velocidade soen intensificarse nas inmediacións dos treitos cronometrados do rallye.

